


SANTOMÉ

CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL



CASTRO

- Inicio da ruta
- Poste coa indicación do percorrido do Castro
- Sinal de dirección do percorrido
- Sinal de zona escavada
- Ruta polo castro
- Alternativa
- Área escavada castro

- Puntos informativos

POBOADO ROMANO

- Área escavada S.I-II d.c.
- Área escavada S.III-V d.c.




A escasamente tres km do centro da capital no **Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé** (Ourense), concorren os valores históricos, característicos dun complexo xacemento arqueolóxico, cos naturais derivados dun contorno no que se conserva unha peculiar vexetación, con suxerentes vistas do val no que se atopa a cidade de Ourense, convertendo este espacio nun lugar de encontro entre a natureza e o noso pasado, merecente de ser coñecido, valorado e conservado.

Dende o punto de vista arqueolóxico, ademais dun castro cos característicos elementos defensivos, entre os que destaca o propio río Loña, atópase un asentamento galaico-romano na chaira, escavado en gran parte, no que se pode observar como conviven en perfecta simbiose os modos e formas romanas coas tradicións anteriores, creando modelos habitacionais que van pervivir longamente na Galicia rural.

A comunidade vexetal encóntrase presidida pola *sobreira*, adaptada á influencia climática mediterránea na zona, e o *carballo*, con outras especies como a *aciñeira*, máis abundante na parte baixa da ladeira, o *piñeiro manso*, ou o *érbedo*, que da nome ó lugar coñecido dende antigo co topónimo do **Erbedal**.

Para completar a visión sobre o asentamento e profundizar no coñecemento das xentes que habitaban este lugar, se aínda non o fixo, propoñémoslles unha visita ó **Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense**. Nas súas dependencias pódense contemplar algunhas das moitas pezas procedentes deste escavación.

PLANO DE ACCESO A SANTOMÉ



RECOMÉNDASE:

- Respecte o Patrimonio, colabore na conservación dos valores culturais e naturais do **Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé**.
- Non pisar nos muros nin nas estruturas arqueolóxicas.
- Coidar dos nenos, os desniveis do terreo conlevan certo perigo.
- Siga as instrucións establecidas nos folletos e nos paneis.